

DINÁMICAS DE COHESIÓN OS AROS



OBXECTIVOS DA DINÁMICA

- ★ Crear un ambiente de relación distendido para a aprendizaxe.
- ★ Ofrecer a oportunidade de experimentar o efecto da práctica sobre o resultado.
- ★ Aumentar a cohesión do grupo.
- ★ Crear situacións de conflito para que as resolvan de forma cooperativa.

DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

- ★ O alumnado forman un gran círculo central, collidos da man. O titor/a dálles as normas do xogo: "Vou colocar dous aros, un deles ten que pasar por todos vós, cara á dereita, ata acabar xusto no mesmo lugar no que empezou. O outro ten que facer exactamente o mesmo, pero facendo o xiro cara á esquerda. NON podeades soltar as mans; se o facedes, pararemos o xogo e teredes que volver empezar.
- ★ Na web tedes o link a un vídeo de youtube no que se ve o desenvolvemento.
- ★ O titor/a coloca os dous aros, para iso escolle a posición dun dos participantes, pídelles que solte as mans dos seus compañeiros/as, colócalle un aro en cada brazo e vólvese unir. Volve explicar o xogo. O aro que se engancha no brazo dereito do alumno/a ten que pasar por todos os demais, seguindo o xiro cara á dereita, ata acabar xusto no mesmo sitio, mentres que o que se engancha no brazo esquerdo, fai o mesmo, pero virando cara á esquerda.
- ★ O titor/a pon a cero o cronómetro e marca o inicio da dinámica. O cronómetro non se para ata que conseguen facelo. O titor/a di o tempo e anótao na ficha de deseño de sesións, para en próximas oportunidades poder comprobar os progresos.

PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

Preguntas para a primeira vez que facemos a dinámica:

- ★ Gustouvos? Pareceuvos moi difícil?
- ★ Que fixestes para logralo? Axudástesvos? Cal era a norma do xogo?
- ★ Que pensastes cando empezou o xogo? Criades que o íades lograr?
- ★ Cando un compañeiro/a estaba en dificultades, Que fixestes?

Preguntas para veces sucesivas:

- ★ Na anterior sesión tardastes..... en logralo. Nesta necesitastes.....
- ★ Que vos pareceu o voso progreso? A que pensades que foi debido?

MATERIAIS

- ★ Dous aros (hula-hoops), de distinta cor